

Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 237, do 22.3.1984.

Emendas, BOPG núm. 260, do 3.5.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 372, do 9.2.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 385, do 9.3.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 385, do 9.3.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 105, do 12.3.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 393, do 21.3.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 78, do 24.4.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 151, do 25.6.1985.

Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega

Esta lei foi derogada pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En desenvolvemento das previsións do artigo 43 do vixente Estatuto de Autonomía para Galicia, cómpre a regulación por norma con rango formal de lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma, a súa administración e defensa e conservación.

A problemática xurídica que plantexa a normación do sector patrimonial da Comunidade Autónoma pode sintetizarse nas seguintes cuestións:

A) O ámbito obxectivo da regulación, no que, por outra banda, debe distinguirse:

a) a dicotomía demanio-patrimonio e o seu alcance

b) a diversificación ou clasificación dos criterios de integración demanial, co problema conexo das categorías de demanio que poden

ser atribuídas á titularidade da Comunidade Autónoma

c) delimitación dos bens ou titularidades que poden ostentar natureza demanial

d) determinación das formas de utilización ou explotación dos bens, títulos habilitantes e principios inspiradores

e) conexión da lexislación patrimonial con outra normativa sectorial específica.

B) Criterios sistemáticos ou estruturais que se han de observar na ordenación da materia.

A dicotomía demanio-patrimonio, lonxe de representar un contraste esencial con diversificación de réximes xurídicos concebidos como compartimentos estancos, debe ser obxecto dunha contemplación unitaria, sen prexuício dos

matices substantivos e procedementais, ben patentes na regulación legal, esixidos en atención ó destino específico a que se suxeitan os bens e titularidades dun determinado momento do seu tráfico ou dinámica.

O criterio unitario na regulación fundaméntase non soamente no concepto de «Patrimonio persoal» como centro de unificación de todas aquelas titularidades que, ostentando un valor económico, se atribúen a un suxeito de dereito para o cumprimento dos seus fins, senón tamén na necesaria e constante inter-relación de ámbalas esferas cando se observa o funcionamento práctico do tráfico e uso dos bens. En efecto, o patrimonio é demanio en potencia a través de diversas formas de afectación e, pola súa banda, o demanio degrádase cando sobrevén un acto de desafectación. Pois ben, tales mutacións na calificación xurídica dos bens fundaméntanse, simplemente, na xerarquización dos fins ós que serven, no seu diverso valor e transcendencia en relación coa maior ou menor conexión que garden coa prestación de funcións e servicios públicos á Comunidade.

A regulación normativa intensifícase, con arreglo a un criterio de proporcionalidade, para adecuarse á maior relevancia de fin específico a que sirvan os bens, é dicir, escala gradual de maior ou menor protección en canto ó réxime xurídico, segundo sexa requirido polo

valor do fin a que se destinan os bens.

Desde este punto de vista, a Lei fundaméntase nos seguintes principios:

1.º) O demanio defínese tendo en conta a directa vinculación dos bens ou titularidades a unha función ou servizo público propio, ou ben a outros fins que teñan unha relevancia tipificada por norma con rango de lei.

2.º) A directa vinculación ou conexión do ben co fin específico constitúese a través dun acto de afectación, ben concreto, ben xenericamente determinado pola lei, tendo en conta características ostensibles ou aparentes.

3.º) Da afectación específica ou xenérica derívase un réxime xurídico especial de utilización e protección. As súas características poden sintetizarse como segue:

a) Toda utilización que comporte unha restricción de uso, require un título habilitante ou lexitimador; así, as «reservas demaniais» (uso privativo da Administración), «concesións» (uso privativo dos particulares), «licencias».

b) Potestade de recuperación de oficio en calquera tempo, en supostos de usurpación ou detentación ilegal, e de recuperación posesoria na vía administrativa a través dun procedemento específico cando se extinguisen os dereitos constituídos sobre os mesmos.

c) O seu carácter indisponible mediante negocios iusprivatistas, sen prexuício das peculiares modalidades de tráfico administrativo: afectación, desafectación, mutación demanial, cesión, adscrición, concesión, licencia, permiso, etc.

4.º) Os bens patrimoniais ou propiedade privada da Administración, como demanio en potencia, sen prexuício de regras comúns de protección con este, aínda que menos intensas (alienabilidade limitada, deslindamento, recuperación posesoria, inembargabilidade executiva, inventario, etc.) só poden allearse se a súa explotación rentable ou afectación demanial non se xulgasen previsibles. Estas circunstancias constátanse a través de «declaración de alienabilidade», como antecedente ineludible de todo acordo de alienamento.

En definitiva, unidade de réxime xurídico, que simplemente se intensifica cando existe unha vinculación directa do ben a unha función, servicio ou finalidade legal relevante.

A regulación do demanio inspírase nos tradicionais principios de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, que constitucionaliza o artigo 132 da «Lei de Leis».

A administración, defensa e conservación dos bens patrimoniais regúlase de conformidade cos criterios básicos que contén a vixente Lei do Patrimonio do

Estado do 15 de abril de 1964, prescindíndose, non obstante, da atribución á Comunidade Autónoma dos bens inmoebles retidos ou disfrutados sen título válido («mostrengos ou vacantes») así como dos «abintestatos», por canto tal atribución patrimonial, herdeira dunha Regalía da Coroa, se integra na soberanía do Estado; en efecto, o Tribunal Constitucional, na súa Sentencia do 27 de xullo de 1982, senta a doutrina de que «en canto que a titularidade da soberanía lle corresponde ó Estado no seu conxunto e non a ningunha das súas institucións en concreto, os bens vacantes poderían, en principio, ser admitidos a Entes distintos da Administración Central, pero só o órgano que pode decidir en nome de todo o Estado e non unha das súas partes pode modificar tal atribución».

Por outra banda, se a Lei do Estado modifícase o ancestral criterio, que data do Decreto de Carlos III, do 27 de novembro de 1785 (Novísima Recopilación, 10, 22, 6), a atribución da titularidade á Comunidade Autónoma operaríase en virtude do n.º 3.º dos artigos 43 do Estatuto de Autonomía, 609 do Código Civil e 1 da presente Lei patrimonial. A Lei é, desde logo, o modo de adquirilo patrimonio e título xurídico válido, podendo sosterse o propio da Herdanza Intestada.

O problema das categorías ou sectores demaniais que poden ser atribuídos á titularidade da Comu-

nidade Autónoma é en extremo complexo, se se analiza o ordenamento constitucional e estatutario.

En efecto, as cuestións que aparecen resoltas con claridade poden resumirse como segue:

A) Bens demaniais atribuídos á titularidade da Comunidade Autónoma.

1) Os afectos a servicios traspassados, sen prexuício da temática que plantexan a súa desafectación e mutación demaniais: art. 43.2.º do Estatuto.

2) Os que, sendo propiedade da Comunidade Autónoma, xa no momento de aprobarse o Estatuto (art. 43.1.1.º), xa adquiridos con posterioridade, sexan afectados á prestación de servicios ou funcións públicas atribuídas á súa competencia.

3) As obras públicas de interés da Comunidade Autónoma, que se afecten ó uso xeral ou á prestación de servicios ou funcións públicas, sempre que afecten exclusivamente ó territorio autonómico e non teñan a calificación de interés xeral do Estado: arts. 148.1.4.ª e 149.1.24.ª da Constitución; art. 27.7 do Estatuto de Autonomía.

4) Camiños de ferro e estradas cun itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma, sempre que non estean incorporados á rede do Estado: arts. 148.1.5.ª e 149.1.2.ª da Constitución; art. 27.8 do Estatuto de Autonomía.

5) Os portos, aeroportos e heliportos non calificados de interés xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos: arts. 148.6.ª e 149.1.20.ª da Constitución; art. 27, n.º 9.º do Estatuto de Autonomía.

Se ben o art. 148.1.6.º da Constitución esixe para a súa asunción autonómica, en canto ós «portos de refuxio», «portos e aeroportos deportivos», «que non desenvolvan actividades comerciais», cómpre ter presente sobre tal requisito:

a) Que este sector do demanio marítimo é transferible por lei, ó non estar incluído dentro das excepcións do art. 132.2.º da Constitución.

b) Que o Estatuto, como norma institucional básica aprobada por Lei Orgánica, ofrece a cobertura legal suficiente para a asunción de titularidade independentemente do desenvolvemento ou non dunha actividade comercial: arts. 147.2. d) e 150.2.º da Constitución.

En efecto, o Estatuto, como Lei Orgánica, pode transferir unha titularidade estatal, que, pola súa natureza, sexa transferible ou delegable.

c) O Estatuto, por outra banda, é título xurídico válido para a asunción autonómica dun sector demanial transferible ou delegable: art. 43.1.3.

d) A materia relativa a «ós portos de refuxio, portos e aeroportos deportivos, que desenvolven acti-

vidades comerciais» non se encontra atribuída á competencia exclusiva do Estado polo art. 149.1.20.^a da Constitución, que esixe, para tal consecuencia, un «interés xeral», concepto xurídico non coincidente, necesariamente, co desenvolvemento de actividades comerciais, que, por outra banda, segundo prevé a propia Lei de Portos, poden ter simple transcendencia local ou rexional, con evidente subsunción en tal suposto dentro da dimensión de interés comunitario.

6) As vías pecuarias, sen prexuício da observancia da lexislación básica do Estado: art. 27.10 do Estatuto e 149.1.23.^a da Constitución.

7) As «augas minerais» e «termais», como recursos da Sección B da Lexislación Xeral de minas, segundo o art. 27, n.º 14 do Estatuto e 148.1.10.^a da Constitución.

8) As augas subterráneas, cando merezan consideración demanial segundo a lexislación e con arreglo ós seguintes requisitos (arts. 27, n.º 7.º e 14.º do Estatuto e art. 149.1.22.^a da Constitución):

a) Que radiquen no territorio da Comunidade Autónoma.

b) Que as obras relativas á súa captación non teñan a calificación de interés xeral do Estado.

c) Que a execución de tales obras ou a súa explotación non afecte a territorio extracomunitario.

Dentro da expresión «augas subterráneas», non deben entenderse comprendidas as «augas subválveas», como accesorias ou dependentes de correntes superficiais (a lexislación actual califica como tales as existentes a menos de 100 metros dun río, regato ou outras augas superficiais demaniais).

B) Bens demaniais que, en todo caso, son de dominio público estatal: a «zona marítimo-terrestre», as «praias», o «mar territorial» e os «recursos naturais da zona económica e a plataforma continental»: art. 132.2.º da Constitución.

A titularidade dominical de tales bens é «intransferible» á Comunidade Autónoma, que, sen embargo, exerce sobre os mesmos certas competencias de «ordenación» e «xestión»; así, art. 27 do Estatuto de Autonomía, n.º 3.º (ordenación do litoral) e 15.º (pesca nas rías, marisqueo e acuicultura).

C) Bens demaniais, a titularidade dos cales é, en principio, transferible ás Comunidades Autónomas e a atribución dos cales debe determinarse por Lei Estatal:

1) O sector demanial relativo ás augas terrestres (inclúense as subterráneas non incluídas na competencia autonómica e as subválveas).

En efecto, as competencias que atribúe o Estatuto de Autonomía (art. 27, n.º 12) son de mera xestión e o propio se deriva da análise do art. 148.1.10.^a da Constitución:

Proxectos, construción e explotación de aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos, sempre que tales obras sexan de interés da Comunidade Autónoma e as augas, pola súa banda, discorran integramente dentro do territorio da Comunidade.

2) O demanio mineiro, con exclusión dos recursos da Sección B no relativo a augas minerais e termais.

Neste sector, as competencias de xestión, relativas ó outorgamento de «permisos» e «concesións», tampouco conlevan unha transferencia da titularidade do recurso, que permanece na esfera estatal ó amparo do n.º 3, do art. 149 da Constitución.

3) O sector demanial relativo ós hidrocarburos.

A Comunidade Autónoma pode asumir os tres citados sectores demaniais, en canto á súa titularidade, en virtude dun título xurídico válido (art. 43.1.3.º do Estatuto), cabendo, en principio, a tales efectos tres alternativas:

a) Lei substantiva estatal de regulación do sector demanial, que teña tal atribución de titularidade autonómica: art. 132.1.º e 2.º da Constitución.

b) Lei Orgánica de transferencias: art. 150.2.º da Constitución, en canto tales sectores demaniais son transferibles pola súa natureza, sen prexuício das formas de control que para si reserve o Esta-

do (tamén, o n.º 32 do art. 27 do Estatuto de Autonomía).

c) Reforma estatutaria que conteña tal atribución competencial, a través dos trámites previstos ó efecto.

As vantaxes de tal asunción autonómica de titularidade serían evidentes, ó se supera-lo contrario que supón a existencia dunhas «potestades de xestión» (concesións, permisos, autorizacións, proxectos de obras, etc.) e de «intervención policial» (pesca, acuicultura) comunitarias, sobre uns bens alleos á súa titularidade. É máis, desde o punto de vista doutrinal da regulación do demanio, «a xestión» e «intervención policial» para a súa plena eficacia, utilidade e nítido deslinde competencial, debe ser consecuencia da previa asunción dunha plena titularidade do ben ou sector sobre o que recaen: soamente con tal consecución podería sosterse unha eficaz e real competencia autonómica sobre a materia.

Por outra banda, desde o punto de vista do «fomento e planificación da actividade económica», conforme ás bases da lexislación estatal, a titularidade autonómica dos tres sectores, constitucionalmente viable, favorecería a técnica das reservas demaniais, que na presente Lei se apunta como mera posibilidade (art. 48, números 2.º, 3.º e 4.º) sobre a base dunha eventual asunción de titularidade (art. 5.º, n.º 3 desta Lei).

Especialmente, a asunción da titularidade de que se trata, potenciaría a aplicación do n.º 4 do art. 28 do Estatuto de Autonomía, verdadeiro correlato do 128 da Constitución, co obxecto de promover-la deficiente explotación dos recursos mineiros e hidráulicos e relanzar así sectores en crise.

Por todo o exposto, a regulación legal senta uns principios comúns aplicables a tódolos sectores demaniais, sen prexuício da aplicación e subsistencia da lexislación específica, tendo sempre presente o alcance material da mesma. Do mesmo xeito, e diante da especialidade da materia, debe reputarse plenamente aplicable a «lexislación sobre propiedade intelectual e industrial», competencia exclusiva do Estado, segundo o artigo 149.1.9.º da Constitución, sen prexuício da atribución de titularidade que o propio bloque normativo poida efectuar en favor da Comunidade Autónoma, con carácter demanial ou patrimonial segundo as regras comúns de afectación. Igualmente, a lei remítese á lexislación vixente sobre montes e aproveitamentos forestais, aplicable á Comunidade Autónoma en canto ós seus principios e normas básicas, de conformidade co art. 149.1.23 da Constitución e 27, n.º 10 do Estatuto de Autonomía, o que ha de entenderse sen prexuício de que a competencia sobre Catálogo de Montes de Utilidade Pública corresponde á Xunta de Galicia,

segundo o precepto ultimamente citado e o criterio da Sentencia do Tribunal Constitucional n.º 71/1983, do 29 de xullo, recaída en Conflicto Positivo de competencia n.º 179/82: «a levada ou titularidade do Catálogo de Montes no ámbito autonómico correspóndelle á Xunta de Galicia, sen prexuício de que a lexislación básica estatal estableza normas para coordinala coa debida información ó Estado sobre os seus datos, determina-las súas formalidades e, en xeral, establecer outros principios que presenten carácter básico e sirvan ós fins de coordinación e cooperación», postulados, sobre todo, «pola necesidade de que o Estado poida dispoñer dos datos necesarios na materia... para facer posibles as funcións que lle reserva a Constitución en relación coa actividade económica».

A delimitación dos bens ou titularidades que poden ostentar carácter demanial, esixe supera-lo tradicional criterio que consistía en fundamentar toda a regulación sobre a base do «dereito real de dominio sobre bens inmobles», concebindo o dominio público como unha «relación de propiedades».

En realidade, a esencia da regulación demanial radica nun especial réxime xurídico de utilización e protección que se impón como consecuencia da directa conexión (afectación) dun ben a unha función ou servizo de relevancia legalmente definida.

Pois ben, idéntica vinculación ou conexión coa idea de «función» ou «servicio público» poden garda-las titularidades de carácter real, por reuniren desde os puntos de vista estrutural e obxectivo as mesmas características cá plena titularidade dominical (obxecto específico e determinado, inherencia, ergaomnialidade, reipersecutoriedade, etc.).

En efecto, péñese na crecente operatividade dos dereitos reais de «superficie», «voo», coas súas vertentes urbana e rústica (repobación forestal, consorcios forestais, etc.), «uso», como consecuencia de transferencias de bens afectos a servizos ou funcións de competencia autonómica en que o Estado reserve para si a titularidade dominical ou das adscricións ou cesións efectuadas en favor de Entidades Locais ou outras de carácter público, nos términos da presente Lei, e incluso nas servidumes ou outras cargas de carácter real impostas sobre bens privados por motivos de utilidade pública, ben consistan na protección e intanxibilidade do demanio (por exemplo, servidumes en materia de estradas ou outras vías de comunicación) ou ben garanticen, por modo directo, a prestación regular dun servizo público.

A isto non pode obxectarse a nota de «temporalidade» ínsita na natureza de certos dereitos reais de goce (superficie, voo, uso, etc.) se se ten presente que a propia característica, en canto á súa integra-

ción no réxime xurídico demanial, a través dos actos de afectación ou desafectación determinados polo tráfico ou dinámica dos bens, pode predicarse da plena titularidade dominical, e que, por outra banda, o carácter temporal da titularidade, lonxe de afectar ós fins propios da integración demanial, significa, simplemente, desafectación, por consumación dos efectos ou cumprimento daqueles fins, que, por outra banda, non obsta ó principio básico de inalienabilidade: cando o gravame ou carga real de natureza demanial se consolida co pleno dominio, desapareceron as causas xustificativas da afectación e, polo mesmo, da aplicación do réxime xurídico específico.

Amáis disto, as titularidades reais poden ser obxecto da especial protección e defensa que se regula no Título III da Lei, ó ostentaren carácter rexistrable, inventariable, e inclúren nos seus contido o *ius possidendi* ou posesión real lexitimadora das potestades de deslinde e recuperación da posesión.

Polos propios argumentos, poden ostentar carácter demanial os bens mobles inventariables en atención ós seus apreciables valores e os dereitos inmateriais ou de exclusiva, sen que para iso obsten as regras especiais de protección aplicables á súa natureza, de conformidade coa lexislación específica, diante da inutilidade ou non aplicabilidade dalgúns aspectos do Título III da Lei (deslinde, recupe-

ración de oficio, etc.). Do réxime xurídico demanial exclúense, sen embargo, os dereitos de arrendamento, de notoria importancia na actualidade diante do crecente número de contratos celebrados pola Comunidade Autónoma para a debida atención das súas funcións e servizos.

Os fundamentos desta exclusión radican na circunstancia de que a titularidade arrendaticia, sen prexuício de que poidan representar desde o punto de vista económico unha limitación do demanio equiparable, en canto ós seus efectos, a un gravame ou carga real, non ofrece, sen embargo, o necesario soporte obxectivo nin as características estruturais propias dun dereito real.

Isto non obsta á aplicación dun especial réxime xurídico administrativo ós contratos de arrendamento cando estean directamente vinculados á prestación ou regular desenvolvemento dun servizo público.

O carácter administrativo do arrendamento en tales supostos, e a súa consecuenta exclusión da lexislación civil, con aplicación dos principios propios dos contratos de obras e servizos e, supletoriamente, do dereito privado, son características admitidas pola Lei de Contratos do Estado e o seu Regulamento Xeral de Contratación.

Do propio modo, obsérvase a lexislación especial sobre arrendamentos

urbanos por modo directo, de conformidade co art. 149.1.18.^a da Constitución, cando os contratos deban revestir natureza civil, ó non estaren directamente vinculados á prestación ou regular desenvolvemento dun servizo público ou función.

As formas de utilización e explotación dos bens, así como os modos da súa adquisición, baseándose, así mesmo, nos principios básicos da lexislación estatal, deducidos dos seus diversos sectores: lexislación sobre augas, minas, costas, patrimonio do Estado e bens das Corporacións Locais.

A regulación total fundaméntase nos seguintes principios:

1) Intanxibilidade dos bens e máxima economía na súa explotación e uso.

2) Publicidade e concorrencia.

3) Necesidade dun título de lexitimación (contrato, concesión, licenza, etc.) para a intervención dos particulares ou empresas, exercicio que resulta obrigatorio en prol do principio constitucional de subordinación ó interese xeral de tódalas formas de riqueza (art. 128.1.º da Constitución).

4) Prevalencia finalística do servizo, función ou actividade a que se afectan os bens, sobre os aspectos relativos ó uso dos mesmos meramente instrumental.

Finalmente, o tráfico e uso dos bens conéctase tamén coa lexisla-

ción especial protectora de valores específicos de calquera orde a través do informe preceptivo da Consellería ou Departamento que resulte competente na materia, coa posible avocación de competencias ó Consello da Xunta se existise diverxencia de criterios.

En especial, na materia relativa ó patrimonio histórico-artístico, tal coordinación é consecuencia obrigada dos mandados constitucionais, relativos á súa conservación e enriquecemento... «calquera que sexa o seu réxime xurídico e titularidade» (art. 46 da Constitución Española) e ó carácter esencial do servicio da Cultura (art. 149.2.º da Constitución Española).

Desde o punto de vista sistemático ou estrutural, sen prexuício da variedade de solucións posibles, a ordenación da materia fundaméntase en criterios comúns derivados da propia esencia ou natureza da institución.

1.º Criterios esenciais de distinción na dicotomía demanio-patrimonio, e a súa proxección básica en canto ó réxime xurídico: Título preliminar, Disposicións xerais.

2.º Consideración dos aspectos relativos á dinámica patrimonial coa distinción funcional relativa ó tráfico dos bens demaniais e tráfico dos bens patrimoniais.

Estes aspectos da regulación contéñense no Título I da Lei, relativo ó «Tráfico xurídico do

patrimonio» subdividido en dous capítulos referidos, respectivamente, ás «Formas de tráfico administrativo dos bens demaniais» e «Requisitos especiais do tráfico dos bens patrimoniais».

3.º Como derivación do tráfico ou dinámica patrimonial, contemplación das regras relativas ó uso e aproveitamento dos bens, ámbitos en estreita inter-relación, que se contemplan no Título II da Lei, relativo á «Utilización e aproveitamento do patrimonio», en que se distinguen «as formas de utilización dos bens demaniais» (Capítulo I), xustamente coa «explotación dos bens patrimoniais» (Capítulo II).

4.º Finalmente, e en concordancia coas regras substantivas sobre tráfico e uso, as normas adxectivas de «protección e defensa» (Título III) e sobre «Responsabilidades e sancións» (Título IV), concebidas como indispensable garantía da dinámica patrimonial e as súas derivacións en orde ó uso ou explotación dos bens.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1

O Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou Patrimonio de Galicia está constituído por tódolos bens e dereitos que lle pertencen por calquera título.

Artigo 2

Os bens e dereitos integrantes do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse en demaniais e patrimoniais.

Artigo 3

1. Son bens de dominio público da Comunidade Autónoma os afectados ó uso xeral ou á prestación directa de servizos públicos propios da Comunidade e os así declarados por normas con rango de lei.

2. Tamén o son os inmobles propiedade da Comunidade Autónoma en que se aloxan as súas Institucións e Órganos estatutarios.

3. Aplicarase o réxime xurídico demanial ós dereitos reais da Comunidade Autónoma sempre que concorra algunha das circunstancias definidas no apartado 1.

Artigo 4

Son bens patrimoniais da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que non concorra algunha das circunstancias expresadas no artigo anterior:

a) Os que lle corresponden en propiedade.

b) Os bens e dereitos derivados da súa titularidade patrimonial.

c) Os dereitos reais e calquera outro que lle corresponda sobre cousa allea.

d) Os dereitos de propiedade inmaterial que lle pertencen.

e) Os dereitos de arrendamento e outros de carácter persoal.

f) As cuotas, partes alícuotas e títulos representativos do capital que lle pertencen en concepto de participación, por calquera título, en empresas constituídas de acordo co dereito privado.

g) As empresas mercantís que sexan da titularidade da Comunidade Autónoma.

h) Calquera outro ben ou dereito que lle pertenza á Comunidade Autónoma e non sexa demanial en virtude do disposto no artigo anterior.

Artigo 5

1. O Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia réxese pola presente Lei e as súas disposicións concordantes e de desenvolvemento que, coas normas estatutarias, integran o dereito propio de Galicia na materia. Supletoriamente aplicarase o dereito público e, no seu defecto, as normas de dereito privado, civil ou mercantil.

2. As propiedades administrativas especiais regularanse pola súa lexislación específica.

3. Terán a consideración de propiedades administrativas especiais, a estes efectos, as augas terrestres, minas, montes e dereitos de propiedade incorporal, cando a súa titularidade en concepto de demanio ou patrimonio poida ser outorgada á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6

1. Os bens e dereitos demaniais da Comunidade Autónoma de Galicia son indisponibles e non poderán ser obxecto de tráfico xurídico privado mentres ostenten tal condición, aplicándoseles exclusivamente as peculiares modalidades de tráfico administrativo reguladas na presente Lei.

2. O tráfico privado dos bens e dereitos patrimoniais esixe a previa observancia das disposicións desta Lei.

Artigo 7

1. O exercicio das funcións demaniais sobre o Patrimonio da Comunidade Autónoma correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda, salvo cando estea atribuído por esta Lei ó Parlamento ou á Xunta.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuício das funcións e responsabilidades doutras Consellerías e entes públicos galegos en orde á administración,

xestión e conservación dos bens e dereitos demaniais que lles fosen adscritos para o cumprimento dos seus fins.

Título I

Tráfico xurídico do Patrimonio

Capítulo I

Formas de tráfico administrativo dos bens demaniais

Artigo 8

Os bens e dereitos demaniais da Comunidade Autónoma de Galicia son inalienables, imprescritibles e inembargables, e, en consecuencia, non poden ser obxecto de gravame, carga, afección, transacción ou arbitraje.

Artigo 9

1. A integración dos bens e dereitos demaniais orixínase pola súa afectación expresa ou tácita ó uso xeral ou á prestación dos servizos públicos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A afectación de bens e dereitos patrimoniais ós fins expresados no párrafo anterior realizarase por calquera dos medios seguintes:

a) Resolución expresa do Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda.

b) Utilización de feito para o cumprimento daqueles fins de uso

xeral ou de servizo público durante o prazo dun ano.

c) Aprobación, polo Consello da Xunta, de Plans, Programas, Proxectos ou Resolucións que conleven, expresa ou implicitamente, o destino específico de determinados bens ou dereitos ó cumprimento directo daquelas finalidades de uso xeral ou de servizo público.

d) Resolución do Parlamento de Galicia que se executará nos termos que a mesma estableza.

3. A adquisición de bens e dereitos por usucapión, de conformidade coas regras de dereito privado, equivale á afectación, sen necesidade de ningún acto formal, cando os actos posesorios se vinculasen ó cumprimento dos fins determinantes da integración demanial.

4. A adquisición de bens e dereitos mediante expropiación forzosa significa a súa afectación ós fins que foron determinantes da declaración de utilidade pública ou de interese social sen necesidade de ningún outro acto expreso.

Artigo 10

1. Cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuício, no seu caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa, res-

pecto daqueles bens adquiridos por este título.

2. A desafectación dos bens de dominio público da Comunidade Autónoma debe facerse mediante acordo do Consello da Xunta, previa instrución de expediente pola Consellería de Economía e Facenda a instancia da Consellería interesada e sempre que se acredite a desaparición das causas xustificativas da afectación.

3. A desafectación esixe norma con rango de lei ou resolución do Parlamento, cando os actos de afectación revestisen tales formalidades.

4. As pertenzas ou porcións sobrantes en operacións de deslinde de bens de dominio público enténdense desafectadas, adquirindo natureza patrimonial, sen necesidade de ulterior requisito formal.

Artigo 11

A desafectación e ulterior destino dos bens transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma deberá facerse de acordo co establecido polas leis.

Artigo 12

1. Os cambios de afectación por novación da causa determinante da integración demanial dos bens e dereitos orixinan a mutación de destino dos mesmos.

2. A mutación demanial implica alteración da adscrición orgánica dos bens ou dereitos e mo-

dificación de competencia funcional e fins específicos a que aqueles se vinculan, sen transferencia de titularidade nin cambio da súa calificación xurídica.

3. Os bens e dereitos demaniais, sen mutación do destino determinado pola súa afectación principal, poderán ser obxecto dunha ou máis afectacións secundarias, sempre que os diversos fins e competencias concorrentes non resulten incompatibles. A concorrencia de diversas afectacións respecto dun mesmo ben ou dereito non altera a adscrición orgánica esixida pola afectación principal, sen prexuício do exercicio das súas competencias accesorias polas Consellerías titulares de afectacións accesorias.

Se xurdisen discrepancias entre as Consellerías cotitulares en orde á xestión, administración e conservación de bens ou dereitos demaniais obxecto de diversas afectacións, decidirá o Consello da Xunta, ou, no seu caso, o Parlamento, previa audiencia dos órganos interesados.

4. A mutación de destino de bens e dereitos demaniais ou a imposición de afectacións secundarias sobre os mesmos require acordo do Consello da Xunta, previa instrucción do expediente pola Consellería de Economía e Facenda, a instancia das Consellerías interesadas.

A resolución motivada de tales aprobacións expresará os fins a

que se afecta o uso dos bens, a Consellería á que se adscribe e, no seu caso, as facultades doutras Consellerías titulares de afectacións accesorias.

5. As mutacións ou ampliacións do destino dos bens e dereitos demaniais esixen norma con rango de lei ou resolución do Parlamento cando os actos de afectación revestisen tales formalidades.

6. As modificacións do destino dos bens e dereitos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia suxeitaranse ó disposto no artigo 11 desta Lei.

Artigo 13

1. Poderanse adscribir bens e dereitos demaniais a Entidades públicas ou Organismos Autónomos dependentes da Administración da Comunidade Autónoma cando sexan necesarios para o cumprimento directo dos fins atribuídos á súa competencia.

2. A adscrición transfere facultades de uso, xestión e administración, vinculadas ó exercicio dunha finalidade competencial concreta sen cambio na titularidade ou calificación xurídica dos bens ou dereitos cedidos.

3. A Consellería da que dependa a Entidade pública ou Organismo Autónomo cesionario adoptará, como titular da competencia e en exercicio de funcións de tutela, as medidas que estime oportunas para a adecuada conservación dos bens e a súa efectiva aplicación ós

fins expresados no acordo de adscrición.

4. Cando os bens e dereitos adscritos deixen de ser necesarios para o cumprimento directo dos fins determinantes da cesión, reverterá o seu uso á Consellería cedente.

5. O acordo aprobatorio da reversión do uso dos bens e dereitos demaniais adscritos a Entidades públicas ou Organismos Autónomos orixina a desafectación, sen necesidade de ningún outro acto formal, cando a Consellería cedente ou outro organismo da Administración da Comunidade Autónoma, central ou institucional, non asuman, simultaneamente, a xestión e exercicio das competencias expresadas no acordo de adscrición.

Os acordos de reversión surten eficacia de mutación demanial dos bens e dereitos, nos términos dos párrafos 1 e 2 do artigo anterior, cando, con ocasión dos mesmos, se impuxese unha nova afectación.

6. Os acordos de adscrición e reversión de uso regulados por este artigo observarán as formalidades que establecen os párrafos 4 e 5 do artigo 12 desta Lei, nos seus respectivos casos.

Artigo 14

A sucesión entre organismos públicos nos supostos de creación, supresión ou reforma de departamentos da Administración da Comunidade Autónoma e Or-

ganismos e Entidades públicas dependentes da mesma en virtude de norma legal ou regulamentaria, non supón novación das causas determinantes da integración demanial dos bens e dereitos, que continuarán afectos ó exercicio das competencias e funcións obxecto de traspaso ou sub-rogação, sen necesidade de declaración expresa.

Artigo 15

1. A utilización e aproveitamento de bens ou dereitos demaniais por persoas ou entidades determinadas suxeitaranse a previa licenza, permiso ou concesión administrativa, nos términos establecidos polo Título II desta Lei.

2. As licencias, permisos ou concesións a que se refire o párrafo anterior ostentan a natureza dos títulos lexitimadores da utilización polos particulares dos bens e dereitos de dominio público.

Capítulo II

Requisitos especiais do tráfico dos bens patrimoniais

Sección 1.^a

Adquisición

Artigo 16

A Comunidade Autónoma ten plena capacidade para adquirir e posuír bens e dereitos polos medios establecidos polo ordena-

mento xurídico, así como para exercita-las accións e recursos que procedan en orde á defensa e tutela do seu patrimonio.

Artigo 17

1. A adquisición pura e simple de bens a título gratuito ou lucrativo requirirá Decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Economía e Facenda.

2. A aceptación de herdanzas entenderase sempre a beneficio de inventario.

Artigo 18

1. A adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento das normas previstas na contratación administrativa, especialmente as relativas a publicidade e concorrencia.

2. Non obstante poderase prescindir do trámite de concurso e autorizarse a adquisición directa polo Consello da Xunta a proposta da Consellería interesada ou pola propia Consellería, en función da contía que regulamentariamente se determine, cando así o requiran as peculiaridades dos bens, as necesidades do servizo ou función que se vai satisfacer, a urxencia extrema da adquisición e afectación ou as limitacións do mercado inmobiliario na localidade onde estean situados.

En todo caso as razóns que xustifican a adquisición directa

deberán publicarse detalladamente no *Diario Oficial de Galicia*.⁽¹⁾

(2)

Artigo 19

1. As adquisicións realizadas no marco do procedemento expropiatorio observarán as normas específicas do mesmo.

2. Estas adquisicións levarán implícita a afectación dos bens ós fins que determinaron a súa declaración de utilidade pública ou interese social, así como a súa adscrición.

Artigo 20

Á Consellería de Economía e Facenda corresponderalle a cuantificación, taxación pericial e formalización, no seu caso, das operacións de escrituración, rexistro e inventario dos bens e dereitos que, como consecuencia de procedementos xudiciais ou administrativos, resulten adxudicados á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 21

1. A adquisición a título oneroso de cuotas, partes alícuotas ou

(1) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 18 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1988. Asemade pola disposición adicional décimo cuarta da Lei 13/1988 foi engadido un apartado 2 bis no artigo 18.

(2) Pola disposición adicional quinta da Lei 2/1988 foille engadido un artigo 18 bis a esta lei.

títulos representativos do capital de empresas constituídas conforme ó dereito privado deberá ser realizada mediante compra ou subscrición, a proposta da Consellería de Economía e Facenda e oída a Consellería competente por razón da materia.

2. Cando se trate de empresas mercantís, a participación da Comunidade Autónoma resultante da adquisición non poderá ser inferior ó dez por cento do importe do capital social.

3. A compra ou subscrición de obrigas, bonos, cuotas ou outros títulos acreditativos de débeda emitida por empresas mercantís, esixirá que a porcentaxe de participación no capital social non resulte inferior a un dez por cento do mesmo na eventual circunstancia da súa conversión en accións ou títulos con análogo carácter.⁽³⁾

Artigo 22

Os arrendamentos de bens inmobles necesarios para o desenvolvemento das funcións da Xunta concertaranse, mediante concurso ou contratación directa, pola Consellería de Economía e Facenda nos términos do artigo 18.⁽⁴⁾

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. Pola disposición adicional quinta da Lei 2/1988 foille engadido un apartado 4 ó artigo 21.

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 22 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1988.

Artigo 23

1. Non se poderán adquirir bens ou dereitos a título lucrativo cando o valor global dos gravames, cargas ou afeccións impostas sobre os mesmos sobrepase o seu valor intrínseco.⁽⁵⁾

2. As adquisicións de bens e dereitos a título oneroso efectuaranse libres de toda carga, gravame ou afectación, se así o esixise o cumprimento directo dos fins determinantes da súa adquisición. Con todo, poderán subsistir aquelas limitacións a título de licencia, permiso ou concesión administrativa que teñan un exercicio que resulte compatible co fin da afectación.

3. A subsistencia de cargas, gravames, dereitos ou afeccións sobre bens obxectos de expropiación forzosa decidirse no marco do procedemento expropiatorio.

4. Cando os bens ou dereitos se adquirisen baixo condición ou carga de vinculación permanente a determinados destinos, entenderanse cumpridos e consumados se durante trinta anos estivesen afectados ós mesmos e deixasen de estar por circunstancias sobrevidas de interés público.

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 1 do artigo 23 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1988.

Sección 2.^a

Alleamento e cesión

Apartado A

Bens inmoebles

Artigo 24

1. O alleamento ou gravame por calquera título de bens inmoebles do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou de dereitos impostos sobre os mesmos require a previa declaración da súa alienabilidade, que será dictada polo Conselleiro de Economía e Facenda previo informe da Consellería interesada.

2. Non poderán ser obxecto de declaración de alienabilidade:

a) Os bens que se atopasen en litixio.

b) Os bens non deslindados ou non inscritos previamente no Rexistro da Propiedade.

c) Os bens ou dereitos nos que a súa titulación non subministre os datos relativos á súa identidade.

3. A declaración de alienabilidade será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, con expresión das súas circunstancias.

Artigo 25

Correspóndelle ó Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, adoptalos acordos de alleamento cando o valor dos bens e dereitos, segun-

do a declaración da súa alienabilidade, non exceda de cincuenta millóns de pesetas. Se sobrepasar este importe o alleamento debe ser autorizado por lei.⁽⁶⁾

Artigo 26

O alleamento realizarase mediante subasta pública, salvo cando o Consello da Xunta, en acordo motivado, autorice expresamente o alleamento directo.⁽⁷⁾

Artigo 27

Non se poderá promover a venda dos bens que se achasen en litixio. Se se suscitase despois de iniciado o procedemento de alleamento, este quedará provisoriamente suspendido.

Non sendo no devandito suposto, unha vez anunciada a subasta, só se poderá suspender por orde da Consellería de Economía e Facenda fundada en documentos que fagan fe e que proben a improcedencia da venda.

Artigo 28

1. Os propietarios colindantes poderán adquirir directamente con preferencia a calquera outro solicitante, unha vez publicada a declaración de alienabilidade, as parcelas sobrantes, os solares in-

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 25 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 1/1986.

(7) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 26 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 1/1986.

dificables e as fincas rústicas que non acaden unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar utilidade acorde coa súa natureza.

A estes efectos, a calificación das fincas regularase polas Leis, Regulamentos ou Ordenamentos especiais aplicables á materia, e, no seu caso, polos plans de ordenación, debidamente aprobados.

2. Cando solicite a devandita adquisición máis dun propietario colindante, será preferido o do inmovible de menor superficie dos que, mediante a súa agrupación co que se pretende adquirir, cheguen a constituír, segundo os casos, un solar edificable ou unha superficie economicamente explotable ou susceptible de prestar utilidade acorde coa súa natureza.

Cando non concorran tales circunstancias será preferido o propietario do inmovible colindante de maior superficie.

Artigo 29

1. Publicada a declaración de alienabilidade, os bens inmovibles da Comunidade Autónoma poderán ser permutados por outros, previa taxación pericial e xustificación da súa conveniencia, sempre que a diferenza no seu valor non fose superior ó cincuenta por cento do que o teña máis alto.

2. Corresponderalle autorízala permuta a quen, por razón da contía, fose competente para acordalo alleamento.

Artigo 30

1. O uso dos bens patrimoniais inmovibles da Comunidade Autónoma dos que non se xulgue previsible a súa afectación demanial ou aproveitamento pola propia Administración, poderá ser cedido gratuitamente polo Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, en favor de Institucións e Corporacións públicas ou sen ánimo de lucro, que deberán destinalas a fins de utilidade pública ou interés social. A cesión, que se formalizará a petición da Entidade interesada, informada pola Dirección Xeral do Patrimonio, poderá outorgarse por un prazo máximo de dez anos.

2. O acordo de cesión, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, expresará a finalidade concreta a que as entidades beneficiarias deben destinalos bens.

3. Se os bens cedidos non se aplicasen ó fin sinalado dentro do prazo inicialmente fixado no acordo ou deixasen de estalo con posterioridade, considerarase resolta a cesión revertendo o uso dos bens á Administración da Comunidade Autónoma, que terá dereito a percibir, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos ou deterioros que experimentasen.

Artigo 31

Os bens patrimoniais da Comunidade Autónoma, as súas rendas, froitos ou produtos poderán ser

adscritos a Organismos Autónomos ou outros Entes dependentes da súa Administración para o cumprimento dos fins específicos que determine o acordo de adscrición, que deberá suxeitarse ó réxime previsto no artigo anterior.

Artigo 32

Cando pola Comunidade Autónoma se transfiran competencias a Entes Territoriais da súa circunscrición ou se deleguen funcións administrativas neste ou noutros Entes institucionais localizados no seu territorio, poderá adscribirse ós mesmos o uso dos bens precisos con suxección ás condicións que estableza a norma de transferencia ou delegación que deberá determina-lo procedemento de vixilancia en orde ó cumprimento dos fins da cesión así como preve-la súa reversión no caso de non seren necesarios para a prestación da función ou servizo, ou no suposto da súa reasunción.

Artigo 33

1. As Entidades Autónomas dependentes da Administración da Comunidade Autónoma non poderán allear ou grava-los bens ou dereitos patrimoniais de que sexan titulares, que se incorporarán ó patrimonio da Comunidade Autónoma cando non sexan necesarios para o cumprimento directo dos fins atribuídos á súa específica competencia.

A entrega dos citados bens ou dereitos efectuarase a través da

Consellería á que estean adscritos os respectivos organismos ou entidades, mediante acta que subscribirán o titular daquela e mailo da Consellería de Economía e Facenda.

2. Poderán, non obstante, allearse os bens adquiridos por si mesmos co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico privado, de acordo cos fins peculiares, ou para garantiza-la rentabilidade das reservas que teñan que constituír en cumprimento das disposicións polas que se rexen.

3. O alleamento dos bens ou dereitos a que se refire o párrafo anterior regularase polas normas que lle sexan de aplicación e, no seu defecto, polas regras da presente Lei.

A tales efectos, as devanditas entidades relacionaranse coa Consellería de Economía e Facenda a través da Consellería á que estean adscritas ou da que dependan.

Apartado B

Bens mobles

Artigo 34

1. O alleamento de bens mobles da Comunidade Autónoma terá que ser acordado polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facenda e previa petición daquela que os viñese utilizando.⁽⁸⁾

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 1 do artigo 34 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 1/1986.

2. Cando se trate de obras de arte ou de obxectos de interés arqueolóxico, histórico ou artístico cun valor que, segundo taxación pericial, exceda de cincuenta millóns de pesetas, corresponderalle ó Parlamento mediante lei aproba-lo seu alleamento.

3. O acordo de alleamento, que será publicado no *Diario Oficial de Galicia*, implicará en todo caso a desafectación dos bens de que se trate.

Artigo 35

1. O alleamento de bens mobles levarase a efecto mediante subasta pública polo procedemento previsto para os inmobles.

2. Aplicarase o procedemento de contratación directa, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, e previa petición da Consellería interesada, cando o seu alleamento, mediante subasta, non fose axeitado á natureza ou peculiares características dos bens, ou existisen, por causas conxunturais do mercado, motivos para un alleamento urxente.⁽⁹⁾

Se concorresen varias solicitudes, será preferida a que ofrezca un precio máis elevado, atendéndose á prioridade se existise igualdade de condicións.

(9) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 2 do artigo 35 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 1/1986.

3. A celebración de subastas poderase demorar se a contía dos bens para allear non aconsellase a súa realización de xeito inmediato.

(10)

Artigo 36

Os bens mobles adxudicados á Comunidade Autónoma de Galicia, en procedementos xudiciais ou en aplicación da normativa recadatoria pola vía de compulsión, poderán ser alleados por subasta ou contratación directa, mediante resolución do Conselleiro de Economía e Facenda a proposta da Dirección Xeral do Patrimonio, se a súa valoración non excedese dun millón de pesetas.

Artigo 37

1. O alleamento de bens mobles propiedade de Entidades Autónomas dependentes da Administración da Xunta, regularase polo disposto nos artigos 35 e 36 desta Lei.

2. Exceptúanse do previsto no párrafo anterior, rexéndose polas regras de dereito privado sen necesidade de previo procedemento administrativo, os alleamentos que, de acordo coas normas específicas reguladoras da súa organización, funcionamento e réxime xurídico, leven a cabo aquelas entidades cando desenvolvan actividades empresariais, comerciais ou industriais.

(10) Pola disposición adicional décimo primeira da Lei 11/1996 foille engadido a esta lei un artigo 35 bis.

Apartado C

Propiedades incorporais

Artigo 38

O alleamento de propiedades incorporais ou dereitos de exclusi-va de que sexan titulares a Comunidade Autónoma ou Entidades autó-nomas dependentes da mesma, cando a súa explotación pola propia Administración non se xulgue con-veniente, será acordado polo Con-sello da Xunta a proposta da Con-sellería de Economía e Facenda.

Artigo 39

1. O alleamento deberá verifi-carse, por regra xeral, mediante subasta pública, a non ser que o Consello da Xunta autorice a con-tratación directa por motivos de interés público debidamente acre-ditados.

2. Serán aplicables a esta clase de subastas as normas contidas nesta Lei para as dos bens inmo-bles en canto sexan compatibles coa natureza daqueles dereitos.

Apartado D

Títulos representativos do capital ou débeda emitida por sociedades e empresas

Artigo 40

1. O alleamento de títulos representativos de capital propie-dade da Comunidade Autónoma en empresas mercantís ou dos dereitos de subscrición que lles

correspondan será acordado polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Economía e Facen-da cando o seu valor non exceda do dez por cento da participación total correspondente á propia Comunidade nas devanditas em-presas. En ningún caso se poderá acordar dentro do mesmo ano o alleamento de accións, participa-cións ou cuotas sociais que sobre-pasen a indicada porcentaxe.

2. O alleamento de títulos representativos de capital ou de dereitos de subscrición nunha con-tía superior á indicada, ou que implique directa ou indirectamen-te a perda da condición maioritaria ou extinga a participación, debera-se autorizar por lei.

3. Os títulos allearanse en Bolsa. De non teren cotización na mesma serán obxecto de subasta pública, excepto nos casos en que o Consello acorde o alleamento directo como consecuencia das especiais características daque-les.⁽¹¹⁾

Artigo 41

En todo caso constituirá requisi-to previo do acordo de alleamento a declaración de alienabilidade, que será adoptada pola Consellería de Economía e Facenda.

(11) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 40 foi modificado pola dispo-sición adicional décimo cuarta da Lei 13/1988.

A declaración, que se acompañará á proposta de alleamento, certificará a conveniencia, oportunidade e procedemento de alleamento aplicable, así como o cumprimento das circunstancias a que se refire o artigo anterior.

Artigo 42

1. O réxime establecido nos artigos precedentes aplicarase tamén, no que fose posible, ó alleamento de obrigas, bonos, cuotas ou outros títulos análogos representativos de participación da Comunidade Autónoma na débeda emitida por empresas mercantís.

2. Se os títulos-valores non fosen obxecto de cotización en Bolsa e o procedemento de subasta non fose o adecuado á súa natureza ou especiais características, poderase aplicar mediante acto motivado o sistema de alleamento directo.

Artigo 43

1. O alleamento de títulos-valores que se regula nos precedentes artigos axustarase, en todo caso, ás bases e á ordenación do mercado de capitais que establece a planificación da actividade económica de Galicia, dentro do marco da planificación económica xeral.

2. Cando dadas as características da operación fose preceptiva ou aconsellable a intervención dalgún Instituto de Crédito ou cando nos términos do apartado anterior non fose procedente ou conveniente acudir á Bolsa, o Consello

da Xunta determinará o procedemento a seguir, en cada caso, a proposta da Consellería de Economía e Facenda.

Sección 3.^a

Actividade empresarial do sector público de Galicia

Artigo 44

Constitúe o sector público económico de Galicia toda actividade empresarial de orde comercial, industrial, financeira ou análoga levada a cabo pola Comunidade Autónoma mediante a creación de empresas públicas e a participación no capital, débeda emitida ou xestión de empresas integradas nos sectores privados, estatal ou local, dentro do ámbito de interés comunitario e no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía.

Artigo 45

1. As empresas públicas creadas pola Comunidade Autónoma adoptarán a forma de Organismos Autónomos ou de Sociedade Privada.

2. Os Organismos Autónomos rexeranse pola súa lei de creación, que constituirá o seu Estatuto e determinará:

a) A súa competencia e funcións.

b) Consellería a que organicamente deben quedar adscritos en atención ó obxecto da institución.

c) As bases xerais da súa organización, réxime de acordos e designación dos seus órganos directivos.

d) Os bens que constitúan o seu patrimonio e, no seu caso, os bens e medios económicos que se lles adscriban ou asignen para o cumprimento dos seus fins específicos.

e) O destino a que deban de afectarse os seus beneficios e reservas que teñan que constituír.

3. As Sociedades Privadas poderán ser creadas directamente pola Xunta de Galicia ou a través dun Organismo Autónomo dependente da mesma e adoptarán a forma de sociedades de responsabilidade limitada ou anónima, rexéndose polas normas do dereito mercantil, civil ou laboral, agás o establecido polas disposicións especiais que resulten aplicables e as seguintes regras de carácter xeral:

a) As sociedades anónimas constituiranse, en todo caso, polo sistema de fundación simultánea.

b) O capital destas empresas haberá de estar integramente desembolsado no momento da súa constitución e non se poderá transferir nin destinar a outras finalidades, agás nos supostos de transformación e extinción regulados polas leis mercantís e especiais que resulten de aplicación.

c) A participación no capital da Xunta de Galicia ou dos Organismos Autónomos dependentes da mesma haberá de ser sempre maioritaria.

d) Os Estatutos da empresa serán aprobados polo Consello da Xunta e determinarán, con observancia da proporcionalidade na participación do capital, a composición, competencia, funcionamento e forma de designación da Xunta Xeral, Consello de Administración e Xerencia.

e) O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá acorda-la aportación de bens inmobles patrimoniais, calquera que fose o seu valor, con obxecto de cubri-lo importe da súa participación no capital social.

Artigo 46

1. Sen prexuício das facultades de vixilancia e control da Consellería competente por razón da materia sobre os Organismos Autónomos que lle fosen adscritos en orde á súa xestión administrativa, organización e funcionamento, será en todo caso competencia da Consellería de Economía e Facenda o exercicio das funcións relativas á súa tutela financeira, de conformidade co prescrito na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

2. No suposto de empresas públicas que adopten a forma de sociedades privadas ou no caso de empresas participadas, será competencia da Consellería de Economía e Facenda o exercicio dos dereitos que lle correspondan á Xunta como partícipe. A este fin

poderá impartir ós representantes do capital comunitario nos Consellos de Administración das citadas empresas as instrucións que coide oportunas para o adecuado exercicio dos dereitos.

Artigo 47

1. A Xunta de Galicia poderá participar no capital de empresas mercantís, cooperativas ou sociedades laborais, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, con suxección ó disposto no artigo 45 desta Lei, cando o Consello da Xunta, previo informe da Consellería de Economía e Facenda, o estime conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica.

2. Agás o disposto por normas especiais a participación da Xunta non será inferior ó dez por cen, nin superior ó cincuenta por cen, do capital social das sociedades ou empresas.

Título II

Utilización e aproveitamento do patrimonio

Capítulo I

Formas de utilización dos bens demaniais

Artigo 48

1. A utilización dos bens de dominio público pola propia

Administración rexerese pola presente Lei e disposicións que a desenvolvan. Se estivesen afectos a un servizo público, axustarase ademais ás súas regras específicas e ás instrucións dictadas polas autoridades responsables do seu funcionamento.

2. Excepcionalmente, con fundamento no fomento e planificación da actividade económica de Galicia, e, en todo caso, con fins de estudo, investigación ou explotación, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá reservar, mediante Lei de Galicia, o uso exclusivo de bens demaniais de uso público, ou declarados de dominio público por normas con rango de lei, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que a reserva non afecte a recursos previamente reservados polo Estado.

b) A potestade da reserva axustarase ós términos da lexislación do Estado e ás bases de planificación económica xeral.

c) Non poderá establecerse en prexuício de dereitos adquiridos polos particulares en orde ó uso dos bens. Se a súa motivación consistise nunha deficiente ou irracional explotación dun recurso determinado, a Lei que declare a reserva dispoñerá a previa exposición e indemnización dos afectados pola medida.

d) Determinación do prazo da súa duración, que en ningún caso

será superior ó máximo previsto para a concesión demanial do recurso de que se trate.

3. O uso privativo exclusivo que retén a Administración, unha vez establecidas as reservas a que se refire o párrafo anterior, será obxecto de explotación con arreglo ás normas que regulan a utilización dos bens patrimoniais da presente Lei.

4. En ningún caso se poderán establecer reservas demaniais por motivos fiscais ou de orde ou seguridade pública.

Artigo 49

O uso común xeral dos bens de dominio público non está suxeito a licenza, correspondendo a tódolos cidadáns sen máis limitacións cás seguintes:

a) O impedimento do mesmo dereito ós demais cidadáns.

b) O respecto á natureza do ben.

c) As que imponha o ordenamento xurídico por razón da súa conservación, adscripción ou orde pública.

Artigo 50

O uso común especial dos bens demaniais, realizado por persoas ou entidades determinadas de xeito que non impida o doutros, deberase suxeitar ó outorgamento de previa licenza co fin de garantir a continuidade do uso común xeral se concorresen nel as circunstancias singulares de perigo-

sidade, intensidade de uso ou outras semellantes.

Artigo 51

O uso privativo por persoas ou entidades dos bens de dominio público mediante a ocupación dunha porción dos mesmos, de xeito que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados, requirirá o previo outorgamento dun título axeitado á súa natureza, de conformidade coas seguintes regras:

a) O uso normal, conforme coas disposicións ou afectación dos bens, que non implique a realización de obras permanentes ou instalacións fixas, requirirá tan só permiso de ocupación temporal.

b) Os usos consistentes en estacionamento de materiais ou instalacións de carácter accesorio e non permanente esixirán tamén permiso de ocupación temporal.

c) Os usos anormais, non conformes co destino dos bens, e aqueles que requiran unha ocupación permanente mediante obras e instalacións de carácter fixo, outorgaranse mediante concesión administrativa.

Artigo 52

1. As licencias habilitantes de usos comúns especiais outorgaranse directamente ós peticionarios salvo se, por calquera circunstancia, se limitase o número das mesmas. Neste caso outorgaranse por licitación e, se non fose posible

por teren que reunir tódolos interesados as mesmas condicións, mediante sorteo.

2. Non serán transmisibles as licencias que se refiran ás cualidades persoais do suxeito e aquelas nas que a súa normativa específica así o determine. A transmisión cando proceda requirirá acto expreso aprobatorio para a súa eficacia fronte á Administración outorgante.

Artigo 53

1. Os permisos de ocupación temporal levan implícita a cláusula de precariedade e poderanse revocar libremente en calquera momento pola Administración sen que o interesado teña dereito a ningunha indemnización.

2. Se houberse varios solicitantes, observarase sempre as regras de publicidade e concorrencia, outorgándose os permisos previa licitación.

Artigo 54

1. As concesións de disfrute ou uso privativo de bens de dominio público, serán de outorgamento discrecional pola Administración, e terán o prazo de duración que determine a súa lexislación específica. De non existir prazo determinado nesta, a súa duración non poderá exceder de cincuenta anos, sen prexuício da súa prórroga por mutuo acordo.

2. As concesións outorgaranse para unha finalidade concreta, con determinación do seu obxecto e

límites e mediante canon anual non inferior ó resultado de aplicar ó valor do elemento patrimonial de que se trate o tipo de interés básico do Banco de España.

3. As concesións outorgaranse, a salvo o dereito de propiedade e sen prexuício de terceiro, levando implícita a facultade de rescate antes do seu vencemento, mediante indemnización, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interés público.

Artigo 55

1. As concesións outorgaranse polo procedemento de competencias, o seu exercicio será obrigatorio para o interesado e levarán anexas as facultades administrativas de inspección, vixilancia e resolución.

2. O réxime de outorgamento das concesións axustarase á lexislación sobre contratación administrativa para a xestión de servizos públicos.

Artigo 56

Son causas de extinción das concesións:

1) O transcurso do prazo ou da súa prórroga.

2) O rescate.

3) A renuncia e o non exercicio do dereito nos casos en que proceda.

4) A caducidade ou resolución da relación concesional.

5) A desaparición ou esgotamento da cousa.

6) A degradación do título concesional por desafectación do ben demanial.

7) E calquera outra causa admitida en dereito.

Artigo 57

1. Nos supostos de degradación do título concesional, por desafectación do demanio que lle serve de fundamento, os titulares de autorizacións, licencias ou concesións outorgadas legalmente continuarán na posesión dos seus dereitos.

Non obstante, será declarada a caducidade das concesións das que vencese o prazo ou a daquelas nas que a Administración se reservase a facultade de libre rescate, sen prexuício de que a Consellería de Economía e Facenda poida acordala expropiación de estimar que o mantemento da concesión habería de prexudicalo ulterior destino dos bens ou que os faría desmerecer notoriamente en caso de alleamento.

2. Os permisos de ocupación temporal estimaranse revocados *ipso iure*, en virtude da resolución que acordara a desafectación dos bens sobre os que recaían.

Artigo 58

1. No alleamento de bens desafectados, os titulares de dereitos sobre eles, resultantes dunha concesión, terán a facultade de os adquirir con preferencia a calque-

ra outra persoa que non teña ó seu favor un dereito de retracto legalmente establecido.

2. Os dereitos de adquisición preferente regulados no párrafo anterior, non terán lugar nos supostos a que fan referencia os artigos 30 e 31 da presente Lei.

3. As entidades que, conforme ós artigos 30 e 31, recibisen bens sobre os que recaían os dereitos anteriormente establecidos en favor de beneficiarios de concesións e autorizacións, poderanos liberar, con cargo exclusivo ós seus fondos propios en igualdade de términos coa Comunidade Autónoma, podendo instar, no seu caso, o exercicio de potestade expropiatoria.

Artigo 59

1. A competencia para o outorgamento das concesións que por disposición legal non veña especificamente determinada corresponderalle ó Consello da Xunta, a proposta da Consellería responsable da xestión, conservación e administración dos bens demaniais implicados.

2. As licencias, autorizacións e permisos de ocupación temporal outorgaranse polos órganos competentes da Consellería titular das facultades de xestión, conservación e administración do sector demanial de que se trate.

3. A Consellería competente por razón da materia determinará, previo informe do organismo xes-

tor do Patrimonio da Comunidade Autónoma, as condicións xerais que teñan que rexer para toda clase de concesións, autorizacións ou permisos sobre o dominio público, representándose, en todo caso, as disposicións contidas na presente Lei.

As condicións xerais, unha vez aprobadas polo Consello da Xunta, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Capítulo II

Explotación dos bens patrimoniais

Artigo 60

Correspóndelle ó Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, dispoñe-lo xeito de explotación de acordo co criterio de maior rentabilidade dos bens patrimoniais que non conveña allear nas condicións usuais da práctica civil ou mercantil.

O oportuno expediente, que incoará a Dirección Xeral competente en materia de xestión patrimonial, informaranos previamente os Servizos Xurídicos e a Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

Artigo 61

A explotación poderase levar a cabo directamente pola propia Administración da Comunidade Autónoma, por unha entidade autónoma dependente da mesma,

ou conferirse a particulares mediante contrato.

Artigo 62

Se o Consello da Xunta acordase que a explotación se levase a cabo directamente ou por medio de entidade autónoma fixará as condicións da mesma, adoptándose pola Consellería competente en materia de xestión patrimonial as medidas conducentes á entrega do ben ó órgano ou entidade a quen se confíe a explotación, e as de vixilancia do exacto cumprimento das condicións impostas.

Artigo 63

Se o Consello da Xunta dispuxese que a explotación se encomende a particulares mediante contrato, aprobará as bases do concurso, que será convocado e resolto pola Consellería titular da xestión patrimonial. A convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 64

Están facultadas para contrata-la explotación de bens patrimoniais da Comunidade Autónoma as persoas que, ostentando plena capacidade de obrar, a tivesen de conformidade coa lexislación xeral de contratos do Estado.

Artigo 65

A Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de xestión patrimonial, exercerá a vixilancia precisa sobre a empresa adjudicataria da explotación en orde a garantiza-la indemnidade

do ben de que se trate e, no seu caso, a íntegra percepción das cantidades que teña que satisfacerlo adxudicatario, así como, en xeral, o cumprimento do contrato.

Artigo 66

A petición do adxudicatario, poderase prorrogalo contrato se o resultado satisfactorio da explotación fíxese aconsellable esta medida.

A prórroga acordarase, no seu caso, o Consello da Xunta, a proposta da Consellería titular da xestión patrimonial previo informe preceptivo da Intervención Xeral.

Artigo 67

A sub-rogación de calquera persoa natural ou xurídica nos dereitos ou obrigas do adxudicatario requirirá acordo do Consello da Xunta.

A persoa sub-rogada deberá reuni-los requisitos para contratar.

Artigo 68

1. Os froitos, rendas ou percepcións de calquera clase ou natureza producidos pola explotación, así como polo alleamento dos bens patrimoniais, previa liquidación, cando sexa preciso, ingresaranse na Tesourería, con aplicación ós pertinentes conceptos do presuposto de ingresos.

2. Non se admitirán outras excepcións ó disposto no párrafo anterior cás consignadas nunha lei.

Título III

Protección e defensa

Capítulo I

Recuperación da posesión

Artigo 69

1. A Administración da Xunta de Galicia poderá recuperar por si mesma, en calquera momento, a posesión dos seus bens de dominio público.

2. Igualmente poderá recuperar-la posesión indebidamente perdida sobre os bens e dereitos patrimoniais no prazo dun ano, contado a partir do día seguinte de se produci-la usurpación. Transcorrido este tempo, deberá acudir ante a xurisdicción ordinaria exercitando as accións correspondentes.

Non se admitirán interdictos contra a Administración da Xunta nesta materia, sempre que aquela se axustase ó procedemento legalmente establecido.

Artigo 70

A Administración da Comunidade Autónoma ten a facultade de investigar e inspeccionar-la situación dos bens e dereitos que se presuman do seu dominio privado, a fin de determinar e probar, cando non lle conste, a propiedade da Comunidade Autónoma sobre uns e outros.

Artigo 71

1. A recuperación da posesión incoarase de oficio ou en virtude de denuncia verbal ou escrita, que dará lugar á instrución do correspondente expediente pola Dirección Xeral do Patrimonio.

2. Comprobados os feitos que acrediten a usurpación, e sempre que non transcorrese un ano desde aquela, a Dirección Xeral do Patrimonio fará que o usurpador cese na súa actuación. No suposto de resistencia activa ou pasiva, actuarase de acordo co establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

3. Se transcorrese máis dun ano, a Dirección Xeral do Patrimonio instará o exercicio das accións que procedesen en conformidade co disposto no artigo 69.2 desta Lei.

4. En todo caso, se do feito ou feitos que acrediten a usurpación se suscitasen indicios racionais de delito ou falta penal, darase conta dos mesmos á autoridade xudicial, sen prexuício de adoptalas medidas a que se refiren os apartados deste artigo.

Capítulo II

Deslinde

Artigo 72

1. A Xunta de Galicia poderá proceder ó deslinde dos bens do seu Patrimonio mediante procedemento administrativo no que se oía ós afectados por este. O deslin-

de acordarase de oficio ou a instancia dos propietarios das fincas colindantes ou titulares de dereitos reais sobre as mesmas.

2. A resolución definitiva do deslinde non poderá efectuar declaracións de dominio ou decidir cuestións de carácter civil, limitándose a definir un estado posesorio de feito que se presume integrado con carácter *iuris tantum* nunha titularidade preexistente.

Artigo 73

1. Mentres estea en trámite o procedemento administrativo de deslinde, non se poderá instar procedemento xudicial con igual pretensión nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das fincas da Comunidade Autónoma obxecto daquel.

2. Do acto que inicie o procedemento darase traslado ó Rexistro da Propiedade a fin de que, se a finca estivese inscrita, se practique anotación marxinal ó asento de inscrición da mesma e, no seu caso, das fincas colindantes afectadas ou, en defecto de inmatriculación, se extenda anotación de suspensión.

Artigo 74

A Orde resolutoria do deslinde, que se notificará a tódolos interesados e se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, será executiva. A devandita Orde poderá ser impugnada en vía contencioso-administrativa, sen prexuício das accións

que correspondan ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 75

Firme a resolución do deslinde, procederáse á demarcación con intervención dos interesados. A este efecto sinalarase día para a súa práctica, que será notificada ós mesmos e publicada no *Diario Oficial de Galicia* coa suficiente antelación.

Artigo 76

O deslinde administrativo será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade. Para iso, en defecto de inmatriculación da finca, procederáse á previa inscrición do título adquisitivo desta.

Artigo 77

Ningún Tribunal poderá dictar providencia de embargo nin despachar mandamento de execución contra os bens e dereitos do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia nin contra as rendas, froitos ou produtos do mesmo, debendo aterse, a este respecto, ó disposto na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Artigo 78

1. A Consellería competente en materia de xestión patrimonial deberá leva-lo Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma, que comprenderá:

a) Os bens inmoables da Comunidade Autónoma, calquera que

sexa a súa natureza, demanial ou patrimonial, e a forma da súa adquisición.

b) Os dereitos patrimoniais.

c) Os bens mobles de carácter histórico-artístico ou de apreciable valor económico.

d) Os títulos-valores.

e) Os bens e dereitos atribuídos a Organismos Autónomos ou Entidades Públicas, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, coa única excepción dos que se adquiran para garantiza-la rentabilidade das reservas legais que teñan que constituír ou co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico patrimonial de acordo cos seus fins patrimoniais.

O Inventario dos bens e dereitos a que se contrae o párrafo anterior poderá elaborarse en relacións separadas.

2. O Servicio de Inventario estará asistido polo de Contabilidade Patrimonial, que dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Xunta.

Artigo 79

1. Será obrigatoria para a Comunidade Autónoma a inscrición ou anotación dos bens e dereitos da súa pertenza no Rexistro da Propiedade ou en calquera outro Rexistro de carácter público.

2. Exceptúanse non obstante da inscrición ou anotación rexistral

os bens demaniais de uso público e todos aqueles dos que se manifeste de forma ostensible ou aparente a súa condición demanial.

3. A Dirección Xeral do Patrimonio será a encargada de promover a inscrición ou anotacións dos bens no Rexistro competente.

Artigo 80

Toda persoa, natural ou xurídica, que teña ó seu cargo a xestión dos bens ou dereitos a que se refire esta Lei, estará obrigada a velar pola súa custodia, conservación e, no seu caso, explotación racional, debendo responder ante a Administración da Comunidade Autónoma dos danos e prexuícios sobrevidos pola súa perda ou deterioro cando concorrer fraude ou negligencia.

Artigo 81

Toda persoa que por dolo ou negligencia cause dano en bens demaniais da Comunidade Autónoma ou realice sobre eles actos de usurpación, será sancionada en vía administrativa con multas do tanto a duplo do prexuício ocasionado, con independencia da reparación do dano ou da restitución no seu caso.

Artigo 82

Cando os feitos a que se refire o artigo anterior puidesen constituír delito ou falta, a Xunta de Galicia poñerá en coñecemento da xurisdicción penal, deixando en suspenso a tramitación do procede-

mento administrativo ata que se acorde a suspensión da causa ou se dicte sentenza firme.

Disposición transitoria

Queda exceptuado das limitacións establecidas no artigo 40 da presente Lei o alleamento pola Xunta de Galicia das accións, participacións, cuotas ou calquera clase de título representativo de participación de capital social nas empresas a que fai referencia o Decreto 123/83, do 27 de xullo, sobre fomento de emprego.

Disposición adicional

A Xunta de Galicia dictará no prazo de seis meses, computados a partir do día en que entre en vigor esta Lei, as disposicións regulamentarias precisas para o seu desenvolvemento e execución.

(13)

Santiago de Compostela, 12 de abril de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente

(13) Pola disposición adicional décimo cuarta da Lei 13/1988 foille engadida unha disposición adicional segunda a esta lei.

